

CAMPAMENTOS URBANOS

VERÁN 2020

ÁGORA-FÓRUM



INFORMACIÓN

Despois deste período tan complexo e diferente por causa da alarma sanitaria polo coronavirus, este verán súmanse aos nosos campamentos do Ágora e o Forum Metropolitano a colaboración co Consorcio para a Promoción da Música, con músicas e músicos da OSG. Co obxectivo principal de favorecer a conciliación familiar na “nova normalidade” é o de favorecer a mesma idea de sempre: xogar, aprender e desfrutar fomentando a educación en valores e descubrindo diferentes temáticas dun xeito seguro e divertido, tratando de experimentar novas formas de ocio alternativo.

Propoñemos que os nenos e as nenas e, por primeira vez, tamén a xente nova da nosa cidade, teñan ao longo dos meses de verán unha oferta variada de actividades de lecer, fundamentalmente motrices (xa que failles falta xogar o aire libre e desafogar) ademais de propostas plásticas, musicais, teatrais, de expresión oral e escrita, de lóxica matemática, audiovisuais, informática,...todas elas tecidas arredor dunha temática común.

PARTICIPANTES

Poderán participar as nenas e nenos nados entre 2016 e 2008, e ademais de os/as xoves nados entre 2003 e 2007, agrupados por idades.

Os grupos en colaboración coa OSG organizaranse en dous tramos de idade: de 6 a 11 anos e de 12 a 17 anos.

Os grupos serán como máximo de 15 participantes (pendentes das instrucións que a Xunta de Galicia dite ao respecto).

SEDES E GRUPOS POR QUENDA

Formaremos máximo 18 grupos nas 5 quincenas e 2 grupos máis na primeira e na última das quendas, en colaboración ca OSG.

CALENDARIO DAS QUENDAS

- 1ª QUENDA:** do 22 de xuño ao 3 de xullo.
- 2ª QUENDA:** do 6 ao 17 de xullo.
- 3ª QUENDA:** do 20 ao 31 de xullo.
- 4ª QUENDA:** do 3 ao 14 de agosto.
- 5ª QUENDA:** do 17 de agosto ao 28 de agosto.

TEMÁTICA DOS NENOS E NENAS DE 4 a 12 ANOS

1ª QUENDA: “Unha volta polo xurásico” Viaxaremos ao pasado e nos achegaremos ao mundo da paleontoloxía, a xeoloxía e incluso a bioloxía para coñecer as distintas especies que habitaron a terra hai millóns de anos. Descubriremos a súas características o por que da súa extinción, onde e cómo vivían, comían...

2ª QUENDA: “Os nosos mares” Non e descoñecido para ninguén que os nosos mares e océanos son o hábitat para moitas especies e un medio apasixoante. As historias, lendas e coñecementos que sobre eles temos non poden deixar que o descoñecemos o non fagamos deles un lugar limpo e sostible. A súa extensión é enorme moito máis grande que a superficie terrestre. Estás preparada/o? Pois imos coñecer os seus segredos.

3ª QUENDA: “Ciencia en esencia” A través do coñecemento científico lógranse grandes cousas mediante a observación e a experimentación, por iso cada vez é mais importante o papel da ciencia e dos nosos científicos e científicas. Descubriremos e experimentaremos con infinidade de materiais ao longo desta quenda.

4ª QUENDA: “Creadores de historias” A través do debuxo e dos diferentes materias que nos permiten tridimensionar as cousas crearemos e deseñaremos historias tan disparatadas coma orixinais que xurdan da nosa imaxinación.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Concilia

5ª QUENDA : “Bailando baixo o sol” A danza é a mais antiga das artes. Tal é así, que durante esta quenda bailaremos e aprenderemos distintos tipos de baile, as súas orixes e desfrutaremos da música, do movemento en todas as representacións da arte, porque bailar é case tan primitivo como existir.

PROPOSTAS PARA XOVES DE 12 a 17 ANOS

1ª QUENDA: “Creativas e creativos”. Se che gustan as distintas artes escénicas: a danza, o teatro, a música... deixa voar a túa imaxinación. A través de todas e cada unha delas, desfrutaremos das sensacións que se poden experimentar na súa práctica.

2ª QUENDA: “Creadoras e creadores audiovisuais” A variedade de medios e actividades audiovisuais que podemos encontrar é moi ampla. Trataremos de descubrir e aprender a usar aplicacións e técnicas moi diversas dende fotografía, guión, dirección, realización, montaje, edición, grabación ou revelado, entre moitas posibilidades.

3ª QUENDA: “Aventuras de cidade ” Descubriremos a través de xincanas, xogos de pistas e outras moitas actividades dinámicas e divertidas a historia, o contorno, as distintas propostas de ocio da nosa cidade, en definitiva, viviremos dunha forma diferente a nosa cidade.

4ª QUENDA: “En contacto coa natureza”. Apetéceteche coñecer que facer no monte?, como orientarnos, sexa de día ou de noite?, como montar unha tenda?, facer un nó que te saque dun problema?... basicamente técnicas de supervivencia, de forma dinámica e entretida.

5ª QUENDA: “As artes do mar”. Unha pescadora, un redeiro, unha surfista, un mergullador... hai tantas cousas e persoas que nos poden facer desfrutar, aínda máis, da cultura e do mar! Son tantas e tantas as propostas que a través do mar podemos explorar e desfrutar que te animamos a probalas todas.

TEMÁTICAS EN COLABORACION CA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

1ª e 5ª QUENDA:

Queremos espertar o teu lado máis musical e que descubras se tes interese en aprender a tocar un instrumento determinado no futuro. Terás a oportunidade de ver e escoitar en directo a músicos/as profesionais da Orquestra Sinfónica de Galicia e tocar con elas e eles.

Serán dúas semanas emocionantes cun programa pedagóxico e lúdico, con actividades e xogos musicais, obradoiros de creación de instrumentos reciclados ou de expresión corporal e artística.

Non é necesario ter un coñecemento musical nin instrumental previo, xa que o máis importante é ter curiosidade e paixón pola música.

HORARIO

CAMPAMENTO: de 10.00 a 14.00 h ou de 16:00 a 20:00 h

Coa posibilidade de **ampliación horaria** para a conciliación familiar:

MODALIDADE A: 10:00 a 14:30 h.

MODALIDADE B: 9:00 a 14:00 h

MODALIDADE C: 9:00 a 14:30 h.

MODALIDADE D: 8:30 a 14:00 h ou de 15:30 a 20:00 h

MODALIDADE E: 8:30 a 14:30 h.

Haberá unha pausa de 11:45 a 12:00 h ou de 17.45 a 18:00 h, para comer a merenda (que cada participante traerá da súa casa).

A COTA

A cota é por participante e quenda, e varia de custo en función da opción elixida:

SÓ CAMPAMENTO: 35,00 €

Ampliación horaria, coas seguintes **modalidades:**

MODALIDADE A: 38,00 €

MODALIDADE B: 40,00 €

MODALIDADES C E D: 42,50 €

MODALIDADE E: 45,00 €

As modalidades de ampliación horaria, así como os grupos con horario de tarde só se porán en marcha cun mínimo de 12 participantes.

CALENDARIO DE INSCRICIÓN E PAGAMENTO

- **PREINSCRICIÓN:** do 27 ao 29 de maio.
- **PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PREINSCRICIÓN:** 30 de maio ás 10.00 h, na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal>) e na de Cultura (<https://www.coruna.gal/cultura>) e no servizo telefónico 010.
- **PRazo DE RECLAMACIÓN SOBRE AS LISTAXES DE PREINSCRICIÓN:** 30 e 31 de maio e 1 de xuño, a través do servizo telefónico 010.
- **SORTEO PÚBLICO:** 3 de xuño ás 12.00 h, en cada sede.
- **PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PREINSCRICIÓN:** 9 de xuño ás 10:00 h, na web municipal e na de Cultura e no servizo telefónico 010.
- **PAGAMENTO DA COTA:** do 10 ao 12 de xuño, por transferencia.
- **ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS LISTAXES DE AGARDA:**
Para ocupar as prazas vacantes e as non aboadas, terán preferencia as persoas das listaxes de agarda que non obtivesen ningunha praza, sempre respectando a orde de numeración do sorteo.

Contactaremos telefonicamente coas persoas das listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nas quendas que solicitaran. Realizaranse tres intentos de contacto telefónico a diferentes horas. De non se conseguir a comunicación, pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calendario de chamadas telefónicas as listaxes de agarda:

PRIMERA VOLTA: o día 16 de xuño. Terán que aboar a cota os días 16, 17 ou 18 de xuño.

SEGUNDA VOLTA: o día 19 de xuño. Terán que abonar a cota os días 19, 20 ou 21 de xuño.

A partir do 22 de xuño, o resto das prazas que poidan quedar vacantes serán ocupadas polo público en xeral por orde de chegada, que deberá inscribirse **na sede correspondente (nos horarios que se comunicarán)** e aboalas no momento.

MODO DE PREINSCRICIÓN

Farase preferentemente de forma **telemática**, a través da páxina web www.coruna.es/cultura, en caso de dúbidas poderase consultar telefonicamente chamando ao servizo telefónico **010** de 9.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h.

- Iniciarase o día 27 de maio a partir das 9:00 h e rematará o día 29 de maio ás 20:00 h.
- Todas as inscricións que teñan data de envío anterior ou posterior aos días e horas indicados non serán tramitadas.
- **Pódense solicitar todas as quendas que se desexen e débese facer por orde de preferencia.**
- Recibirán dous correos: o primeiro no que figurarán todos os datos facilitados na prescrición e as quendas solicitadas e no segundo o número do sorteo..
- É importante escoller só unha das dúas opcións, xa que, no caso de ter preinscricións duplicadas, se anularán.

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

As listaxes das adxudicacións publicaranse o 9 de xuño ás 10.00 h, na web municipal, na de Cultura e no servizo telefónico 010.

Nelas figurarán o **nº de inscrición, o NIE da nai/pai/titor/a que realizou a inscrición así como a quenda asignada.**

As prazas adxudicaranse a partir do número de inscrición que saia agraciado no sorteo público do 3 de xuño.

Terán prioridade aqueles solicitantes cuxas/os proxenitoras/os precisen a conciliación laboral por estaren traballando presencialmente ou facendo teletraballo no caso de familias monoparentais ademais dos empadroados. **(De precisalo, se solicitarase a documentación necesaria no Concello de A Coruña no momento do abono da cota).**

En todo caso, tratarase de conceder, cando menos, unha quenda a todas as persoas solicitantes, antes de conceder unha segunda quenda.

Se a primeira ou última praza de cada quenda lle corresponde a un/nuha participante cun irmá/án inscrita/o **consecutivamente**, ambos os dous obterán praza.

Reservarase o 10% das prazas de cada quenda (adxudicadas segundo o número do sorteo) para **solicitantes con diversidade funcional** en grao que lles permita participar nas actividades co grupo.

No caso de resultar maior a demanda deste tipo de prazas, Serviplustotal SL valorará individualmente a pertinencia de cada unha das solicitudes.

Nestes casos, non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

PAGAMENTO DA COTA

Do **10 ao 12 de xuño** (ambos os dous incluídos).

A cota correspondente aboarase mediante transferencia á conta nº **ES81 2080 0380 6230 4002 5657**

E enviarase o seu comprobante por correo electrónico a forumagora@serviplus.org xunto co nome do participante, a quenda e modalidade horaria correspondentes.

No caso de non se realizar o pagamento nos ditos prazos a praza quedará vacante, e serán chamadas as persoas solicitantes da listaxe de agarda para cubrila.

Se unha vez aboada a cota non fose posible realizar o campamento, só se devolverá o seu importe se se cobre a praza con outra persoa solicitante.

ENVIO DA INFORMACIÓN PORMENORIZADA ÁS FAMILIAS

En convocatorias anteriores realizábase unha reunión cos pais e nais o primeiro día do campamento. Este ano, para evitar esta reunión presencial, enviaranse por correo electrónico todas as indicacións e normas, así coma o lugar específico ao que deben dirixirse en cada sede, o grupo de idade asignado, o/a educador/a de referencia e as instrucións de seguridade sanitaria.

MAIS INFORMACIÓN

- A través do teléfono 010.
- No correo electrónico: forumocio@coruna.es